



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO SAN CLEMENTE**  
Rúa San Clemente s/n. 15705 Santiago de Compostela  
Teléfono: 0034 881 867 501 - Fax: 0034 881 867 538  
[www.ies Sanclemente.net](http://www.ies Sanclemente.net) - [ies.sanclemente@edu.xunta.es](mailto:ies.sanclemente@edu.xunta.es)



## **MEMORIA DO PLAN DE IGUALDADE 2019-2020**

**Obradoiro de Igualdade**

**IES San Clemente**

**Isabel López, Cristina Puga e Raquel Tarrío**



## ❑ **Introducción:**

Un dos nosos obxectivos principais neste curso 2019-2020 foi achegar actitudes de respecto e igualdade á comunidade educativa do IES San Clemente, fomentando o debate e visibilizando a figura da muller no ámbito da informática, o cal na sociedade actual segue a ter unha presenza maioritariamente masculina.

Coa idea de dinamizar o máximo posible este Obradoiro de Igualdade, solicitouse a principios de curso a concesión de dous Plans Proxecta (“Por 365 días de respecto e igualdade” e “Donas de si”), levando finalmente a cabo o primeiro deles.

## ❑ **Actividades realizadas:**

- Promoción da campaña de sensibilización “Más mujeres informáticas” do CPETIG e AMTEGA para o fomento da matrícula feminina nos estudos de Enxeñaría en Informática.
- Visibilización das irmás Mirabal, asasinadas un 25N, orixe da conmemoración do día contra a violencia de xénero.
- Promoción da campaña “Compostela en negro” e o seu lema neste ano: “Contra a violencia, educación”.
- Creación de hashtags contra a violencia de xénero.
- Certame e exposición de cartaces en conmemoración do 25N.
- Buzón e exposición de micromachismos.
- Exposición de cartaces sobre 18 mulleres pioneiras no eido da tecnoloxía.
- Elaboración de microvídeos sobre a situación das mulleres no ámbito da informática, realizados polo alumnado de informática.
- Conferencia “Coidados e relacións sas para prever a violencia de xénero” por Irimia Muelas e Jessica Moreira, para o alumnado de ciclos de informática de 1º curso.
- Conferencia “Violencia de xénero na publicidade e nos medios audiovisuais”, impartida por Gela G. Sánchez-Albornoz, para o alumnado de 1DAW e 1DAM.
- Conferencia “A nova escravitude do século XXI: Trata sexual de seres humanos con fins de explotación sexual, outra forma de violencia de xénero”, por Belén López e Tatiana Conde, para o alumnado de 2DAW e 2ASIR.



- Espectáculo teatral “Golpes”, dirixido por Xosé Leis e protagonizado por Estíbaliz Veiga, para o alumnado de 1ASIR e 2DAM.
- Certame de fotografía “Mulleres na sombra”.
- Homenaxe ás mulleres deportistas galegas, a través da elaboración de presentacións por parte do alumnado do IES San Clemente, en colaboración co IES de Arzúa e o IES Ordes.
- Inauguración dunha nova sección de “Igualdade de xénero e diversidade” na Biblioteca do centro.

❑ **Actividades propostas pero canceladas polo COVID-19:**

- Exposición “Cartas de amor” (prevista para ser exposta no centro dende o 30 de abril ata o 20 de maio).
- Obradoiro sobre “Violencia de xénero e o novo contexto dixital”, centrados no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xurden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, grooming, sextorsión; previsto para o alumnado de SMR.

❑ **Balance das actividades:**

A maior parte das actividades programadas foron desenvolvidas, xa que a programación das mesmas levouse a cabo tendo en conta que o 11 de marzo de 2020 o alumnado dos ciclos de 2º curso iniciaba os exames tralos cales estaba previsto que comezaran o periodo de prácticas fora do centro.

Consideramos que na meirande parte das actividades o alumnado presencial implicouse moi activamente tanto debatindo nas conferencias, coma aportando os seus propios micromachismos e hashtags contra a violencia, e elaborando vídeos, presentacións e cartaces. Entendemos que a súa participación tan activa deixa unha forte pegada a nivel individual e axuda a espertar actitudes de respecto e igualdade así coma unha maior conciencia da situación actual das mulleres.

Agradecemos o asesoramento de Guillermina Domínguez en canto á inclusión de contidos no blog e o contacto para a charla impartida por Irimia Muelas e Jessica Moreira.



Igualmente queremos agradecer a colaboración do profesor Marcos Vence nas actividades de creación de microvídeos e cartaces por parte do alumnado, así coma a todo o profesorado que cedeu horas lectivas que lles correspondían para permitir así a asistencia do seu alumnado ás distintas conferencias e espectáculo teatral. Por último, agradecer ao PAS do centro na súa colaboración e forte implicación na promoción das distintas actividades levadas a cabo.

❑ **Propostas de mellora:**

- Promover o uso da nova sección de “Igualdade de xénero e diversidade” da biblioteca, a través da publicación de reseñas dos distintos libros, en forma de recomendacións persoais por parte do alumnado, profesorado e PAS.
- Achegarnos máis ao alumnado non presencial, a través da publicación de maior cantidade de novas, contidos audiovisuais e artigos máis encamiñados á sensibilización e concienciación sobre a igualdade de xénero, facendo reflexionar sobre pequenos aspectos do día a día.
- Estreitar os lazos coas mestras e mestres dos Obradoiros da ESA dos distintos concellos, para a promoción das distintas actividades entre o seu alumnado.